

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

1312 *Real decreto 2129/2008, do 26 de decembro, polo que se establece o Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras.*

Os recursos xenéticos animais son a raíz da innovación da ganadería moderna, ao ser a fonte da que dependen os criadores para obter variedades e razas melloradas que proporcionen produtos de calidade, contribuír a manter os sistemas de explotación respectuosos co ambiente e conservar as tradicións, ao mesmo tempo que permiten responder ás novas demandas da sociedade, facer fronte ás situacións imprevistas, favorecer o desenvolvemento e satisfacer as necesidades humanas; por todo iso constitúense nun exemplo da multifuncionalidade da actividade agraria, e o seu valor estratéxico debe ser aproveitado e mantido para as xeracións futuras.

Nas últimas décadas puxéronse en perigo moitas razas gandeiras autóctonas, chegando mesmo a desaparecer algunhas delas, debido fundamentalmente á introdución de razas foráneas que ofrecen maiores producións á custa da súa explotación en sistemas intensivos ou semiintensivos, cos consecuentes impactos nos ecosistemas tradicionais.

No marco da Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación (en diante, FAO), estase a desenvolver a Estratexia global para os recursos xenéticos de animais de granxa, encamiñada á conservación e utilización sustentable dos recursos xenéticos de interese agroalimentario, canalizada a través de diversos acordos, e existe un compromiso firme para o logro deses obxectivos, compromiso suscrito por diversos países, incluído España, tras a sinatura do Instrumento de Ratificación do 16 de novembro de 1993 do Convenio sobre a diversidade biolóxica de Río de Janeiro, do 5 de xuño de 1992.

Así mesmo, no marco da Unión Europea xa se abordaron as bases para orientar as liñas de traballo no mantemento destes recursos, ao mesmo tempo que se dispón de lexislación comunitaria para garantir o libre comercio dos animais de raza e o seu material xenético, e se harmonizaron os criterios para o recoñecemento das asociacións de criadores, a inscrición de reprodutores de raza nos libros xenealóxicos, a súa admisión para a cría e as pautas para o control de rendementos e avaliación do valor xenético das diferentes especies.

As particularidades do noso país e as variadas características xeográficas, climatolóxicas e mesmo culturais, fan que España manteña un alto grao de diversidade xenética e que exista un amplo abano de recursos zoonéticos fundamentais para o mantemento dun adecuado equilibrio socioeconómico, cultural e ambiental. As actuacións realizadas ata a data polas administracións públicas permitiron identificar as especies e razas gandeiras que forman parte desa biodiversidade, e durante os últimos anos puxéronse en marcha algúns mecanismos necesarios para que os verdadeiros artifices do seu mantemento e utilización, os gandeiros, se constitúan en asociacións capaces de abordar a súa xestión. Aínda que a necesidade de caracterizar e conservar os recursos xenéticos animais se converteu nunha prioridade, esta conservación debe estar unida á selección daquelas razas que parten dunha mellor situación censual e produtiva, e, en calquera caso, á súa utilización sustentable.

Así, a preservación das razas gandeiras autóctonas forma parte da Convención de diversidade biolóxica, e a política de defensa destas razas está integrada na Estratexia española de conservación e uso sustentable da diversidade biolóxica, aprobada en decembro de 1998 en aplicación da citada convención. Dentro deste marco, a disposición derradeira terceira da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, excluíu os recursos xenéticos animais do seu ámbito de aplicación, polo que se regulan a través deste real decreto.

É competencia e responsabilidade das administracións públicas realizar unha eficaz regulación e ordenación do patrimonio xenético, e esta circunstancia reforza a necesidade de establecer en España un programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras, que é, xunto á actualización e sistematización da normativa zootécnica existente no noso país, o obxectivo fundamental deste real decreto.

O programa nacional debe identificar e abranguer todas as liñas de traballo, desenvolvendo actuacións para a mellora e para a conservación das razas, e complementar as medidas aplicables no medio tradicional de cría (*in situ*) ou fóra deste (*ex situ*), coas ferramentas necesarias para a preservación futura dos recursos nos centros autorizados.

Pola súa parte, a actualización e sistematización da normativa zootécnica que se pretende con este real decreto ten o seu fundamento nos obxectivos de mellora e simplificación da lexislación que propón o Consello Europeo nas súas conclusións, entre outras, as da Presidencia do Consello Europeo de Bruxelas celebrado os días 15 e 16 de xuño de 2006. En consecuencia, mediante este real decreto substitúense as normas polas cales se incorporaron ao ordenamento xurídico interno as normativas europeas zootécnicas que existen para as diversas especies.

Normas todas elas baseadas en criterios comúns para o recoñecemento oficial das entidades xestoras dos libros xenealóxicos, que permiten a súa actuación a nivel comunitario, de forma que os animais dun Estado membro van poder ser inscritos nos libros xenealóxicos xestionados por unha entidade recoñecida por outro Estado membro.

Así mesmo, a propia finalidade actualizadora e de sistematización da normativa zootécnica aconsella a derogación de diversas normas que regulan certos aspectos do programa aquí recollido.

Loxicamente, os libros xenealóxicos son unha parte moi importante na conservación e mellora das razas gandeiras; de aí que a normativa española e da Unión Europea os conceptúe como unhas ferramentas de indubidable interese xeral, en especial no que se refire ás razas en perigo de extinción, dentro dun concepto amplo, no exercicio dunha actividade que persegue a preservación do patrimonio xenético animal, máis alá do que é un mero rexistro dos datos dos animais. Iso fai que as administracións públicas teñan recoñecido un evidente labor de control dos libros xenealóxicos, que se plasma na necesidade dun recoñecemento oficial para a súa creación ou xestión, na supervisión do seu funcionamento e na posibilidade de revogar o recoñecemento oficial, se se constata un funcionamento incorrecto, todo iso dentro do marco da obriga da Administración de servir con obxectividade aos intereses xerais.

Con ese obxectivo, e de acordo coas competencias das comunidades autónomas, mediante este real decreto descentralízanse determinadas actuacións zootécnicas de carácter executivo, refórzanse as medidas de coordinación por parte do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, e establécense criterios que garantan a homoxeneidade necesaria para a aplicación uniforme e estandarizada do Programa nacional en todo o noso territorio, proporcionando aos gandeiros, a través das asociacións de criadores, a información necesaria para o seu desenvolvemento e integrando todas as administracións, centros e entidades que poidan contribuír á súa correcta execución. Todo iso cunha vontade decidida de fomento deste sector, cuxas liñas de axuda para as razas autóctonas se conteñen na actualidade en diversas normas, como son o Real decreto 1724/2007, do 21 de decembro, polo que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento de sistemas de produción de razas gandeiras autóctonas en réximes extensivos, e o Real decreto 1366/2007, do 19 de outubro, polo que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento das razas autóctonas en perigo de extinción.

Por outra parte, concorren as circunstancias que xustifican o rango desta disposición de acordo coa doutrina do Tribunal Constitucional desde a STC 69/1988, do 19 de abril, FX 5, dado o carácter eminentemente técnico do seu contido.

Na tramitación deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos intereses dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de decembro de 2008,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer as normas básicas e de coordinación do Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras (Programa nacional), e a regulación da normativa zootécnica dos animais de raza e équidos rexistrados.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, entenderase por:

a) Animal de raza: todo animal pertencente a calquera raza de interese gandeiro e produtivo que estea catalogada, inscrito ou que se poida inscribir nun libro xenealóxico xestionado por unha asociación oficialmente recoñecida ou por un servizo oficial, co fin de poder participar nun programa de mellora. Será considerado animal de raza pura aquel cuxos pais e avós estean inscritos ou rexistrados no libro xenealóxico da mesma raza.

Para cada raza poderanse establecer encastes, estirpes ou variedades.

b) Équido rexistrado: o animal doméstico da especie equina ou asnal, ou o animal obtido do seu cruzamento, inscrito ou rexistrado nun libro xenealóxico ou que poida selo, identificado mediante o documento previsto na normativa comunitaria vixente. Os équidos rexistrados serán considerados, para efectos deste real decreto, como animais de raza.

c) Encaste, estirpe ou variedade: poboación cerrada de animais dunha raza, que foi creada a base de illamento reprodutivo, sempre con determinados individuos desa raza, sen introdución de material xenético distinto, cando menos por un mínimo de cinco xeracións.

d) Catálogo oficial de razas de gando de España: aquel que contén a relación oficial e a clasificación de todas as razas gandeiras recoñecidas en España como de interese económico, produtivo ou social, e que se recollen no anexo I deste real decreto de acordo coa seguinte clasificación:

1.º Razas autóctonas españolas: as que se orixinaron en España; catalóganse como razas de fomento aquelas que polo seu censo e organización se encontran en expansión e como razas en perigo de extinción aquelas que se encontran en grave regresión ou en transo de desaparición, de acordo cos criterios establecidos a nivel nacional ou internacional.

2.º Razas integradas en España: aquelas que se incorporaron plenamente ao patrimonio gandeiro español, con máis de vinte anos no noso país, con xenealoxía e controis de rendemento coñecidos e que posúen un número de reprodutoras censado que permite desenvolver un programa de mellora.

3.º Razas da Unión Europea: aquelas razas recoñecidas polas autoridades competentes de un ou de varios Estados membros, que contan con animais inscritos nun libro xenealóxico, realizan controis de rendemento para a avaliación xenética dos reprodutores e dispoñen en España dun censo suficiente de animais de raza pura para o desenvolvemento dun programa de mellora.

4.º Razas de países terceiros: aquelas procedentes deles e asentadas en España que, para poderen figurar no Catálogo de razas de España, necesitan ter suficientemente

contrastada a súa adecuación ao ecosistema español e o seu interese produtivo e económico, tras un período de observación e seguimento, ademais de dispor no noso país dun censo suficiente de animais de raza pura inscritos nun libro xenealóxico para o desenvolvemento dun programa de mellora.

5.º Razas sintéticas españolas: aquelas que foron caracterizadas e desenvolvidas en España a partir de cruzamentos planificados entre diferentes razas, que teñen un obxectivo funcional ou de produción definido nun programa de mellora, con censo suficiente para desenvolvelo e que non cumpren os requisitos para se incorporaren ao resto das categorías establecidas no Catálogo oficial de razas.

6.º Outros équidos rexistrados: aqueles que non pertencen a ningunha das razas das categorías anteriores.

e) Asociacións de criadores de animais de razas gandeiras: aquelas oficialmente recoñecidas no marco da normativa vixente para a creación ou a xestión dos libros xenealóxicos e o desenvolvemento dos programas de mellora.

f) Libro xenealóxico: calquera libro, ficheiro, rexistro ou sistema informático xestionado por unha asociación de gandeiros recoñecida oficialmente ou un servizo oficial, en que se inscriban ou rexistren animais dunha raza determinada, facendo mención aos seus ascendentes.

g) Programa de mellora: conxunto de actuacións sistematizadas, deseñadas e desenvolvidas por unha asociación de criadores dunha raza oficialmente recoñecida ou por un servizo oficial, orientadas á conservación, mellora e/ou fomento da raza correspondente, con carácter único para cada raza e que debe estar avalado por un centro cualificado de xenética animal. En función do censo, características e catalogación da raza pode ser:

1.º Programa de selección: todo programa de mellora que ten por obxecto a elección dos mellores reprodutores dunha raza, ou, se é o caso, encaste, estirpe ou variedade, co fin de que as características desexables definidas nos obxectivos sexan transmitidas á descendencia.

2.º Programa de conservación: todo programa de mellora que ten por obxecto o mantemento da diversidade xenética para garantir a conservación dunha raza, encaste, estirpe ou variedade e evitar a súa extinción ou para aumentar os seus censos.

h) Centro de valoración individual ou de testaxe: calquera explotación gandeira, de titularidade pública ou privada, autorizada ou recoñecida oficialmente para a realización de probas de valoración individual ou de descendencia no marco dun programa de mellora, en que se garantan unhas condicións ambientais e de manexo comúns a todos os exemplares e unha recollida de información homoxénea.

i) Control de rendementos: o conxunto de actuacións destinadas a comprobar sistematicamente as producións e aptitudes funcionais dos animais e a recoller calquera outra información válida para determinar o valor xenético dos reprodutores, segundo o modelo establecido, de acordo cos programas de mellora oficialmente aprobados para as diferentes razas e a normativa vixente para a súa regulación.

j) Proba de valoración individual: o conxunto de operacións realizadas sobre un determinado animal, candidato a futuro reprodutor, que permitan a obtención de medidas fenotípicas individuais, das variables obxecto de control, cunha cronoloxía determinada, encamiñadas á obtención dun índice xenético.

k) Avaliación xenética: o conxunto de operacións realizadas sobre a poboación en control de rendementos e rexistro de xenealoxías, que permitan a obtención de valores xenéticos individuais para os caracteres obxectivo establecidos no programa de mellora, xunto coa súa precisión. A avaliación xenética dos reprodutores permite clasificar estes polos seus méritos xenéticos, co fin de seleccionar os mellores como proxenitores das seguintes xeracións.

l) Cualificación morfolóxica: a asignación dun valor numérico a un individuo dunha raza determinada, obtido pola suma das puntuacións outorgadas ás distintas rexións corporais, realizada por xuíces ou técnicos en morfoloxía debidamente acreditados, ou por

outros profesionais designados no programa de mellora, e baseada na comparación co prototipo racial establecido na regulamentación específica do libro xenealóxico de cada raza.

m) Cualificación lineal: sistema de cualificación morfolóxica no cal se puntúan distintas rexións anatómicas ou caracteres do animal de interese zootécnico, segundo unha escala de valores cuxos extremos son ocupados polos valores fenotípicos límites da dita rexión ou carácter.

n) Centro de reprodución: calquera centro de agrupamento de animais oficialmente autorizado, dedicado á recollida e obtención de material xenético para a súa utilización nas distintas técnicas de reprodución gandeira ou ben para a creación e o mantemento de bancos de xermoplasma.

ñ) Centro de almacenamento: instalación con carácter autónomo ou dependente dun centro de reprodución, constituído para efectos de mantemento e conservación en óptimas condicións de seme, óvulos, embrións, células indiferenciadas ou outro tipo de material xenético, fundamentalmente con fins comerciais.

o) Banco de xermoplasma: instalación con carácter autónomo ou dependente dun centro de reprodución ou dun centro de almacenamento, constituído co fin de almacenar material xenético de forma indefinida, para efectos de preservar o patrimonio xenético nacional. O material xenético provirá de exemplares inscritos no libro xenealóxico da súa raza, deberá ser obtido co consentimento do propietario do animal e permitirá extraer ADN en cantidade e calidade suficiente para garantir as actuacións que se pretendan, mesmo con posterioridade á vida do propio individuo. Cando o material biolóxico que se vai utilizar sexa exclusivamente ADN, falarase de banco de ADN.

p) Difusión da mellora: calquera actividade desenvolvida para a propagación, no resto da poboación, do progreso xenético obtido nos programas de mellora.

q) Certame de gando selecto: calquera concentración de animais de raza que teña como fin a súa venda en calquera modalidade, a súa participación nun concurso, a súa simple exposición, ou unha combinación das anteriores alternativas para difundir a mellora. Poderán existir certames con carácter virtual ou telemático, sen presenza física dos animais.

r) Control técnico dunha raza: actividade cuxo obxectivo é comprobar, polos medios que a autoridade competente determine, da adecuada xestión da raza por parte das asociacións recoñecidas oficialmente ou dos servizos oficiais responsables, así como, se for o caso, verificar a correcta xestión e aplicación das subvencións públicas que estas asociacións reciban. No caso das asociacións recoñecidas polo Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, o control técnico da raza levarao a cabo o inspector da raza, que desenvolverá as funcións definidas no artigo 14.

s) Animal mellorante: aquel que foi sometido a unha avaliación xenética no marco do programa de mellora, e que ten unha calidade probada e un valor xenético por riba dos límites establecidos no dito programa e coa fiabilidade mínima que neste se defina.

t) Explotación colaboradora: toda explotación gandeira, distinta dos centros de reprodución definidos na alínea n), que conta con animais inscritos no libro xenealóxico dunha determinada raza e que participa no programa de mellora desta.

u) Centro oficial de xenética animal: o centro cualificado de xenética animal, recoñecido oficialmente pola autoridade competente, así como os centros universitarios e os dependentes das administracións públicas, que conta con suficientes recursos materiais e persoais, experiencia e formación técnica no ámbito da mellora xenética.

Artigo 3. *Ámbito de aplicación.*

Este real decreto será de aplicación:

a) A todas as asociacións de criadores oficialmente recoñecidas para a creación ou a xestión de libros xenealóxicos e o desenvolvemento dos programas de mellora das razas do Catálogo oficial de razas de gando de España e dos équidos rexistrados, aos servizos oficiais que teñan as mesmas funcións e aos gandeiros que teñan animais inscritos ou rexistrados nos ditos libros ou rexistros.

- b) Aos animais de razas do Catálogo oficial e aos équidos rexistrados, inscritos nos libros xenealóxicos.
- c) Aos centros, explotacións e instalacións definidos no artigo 2.

Artigo 4. *Competencias para o Programa nacional.*

1. As comunidades autónomas serán as autoridades competentes para a aplicación e o desenvolvemento normativo de todas as liñas englobadas no Programa nacional, nos seus respectivos ámbitos de competencia.
2. Non obstante o previsto no punto anterior, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño exercerá as funcións previstas neste real decreto respecto das asociacións cuxo recoñecemento oficial lle corresponda, así como as de coordinación, publicidade, rexistro e importacións de países terceiros.

CAPÍTULO II

Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras

Artigo 5. *Contido.*

O Programa nacional comprende, como mínimo, as seguintes actuacións:

- a) Caracterización e clasificación das razas para a súa inclusión no Catálogo oficial de razas de gando de España, así como dos seus diferentes encastes, estirpes ou variedades.
- b) Recoñecemento de asociacións de criadores de animais de razas gandeiras.
- c) Aprobación das regulamentacións específicas de libros xenealóxicos e das súas modificacións.
- d) Aprobación dos programas de mellora e das súas modificacións.
- e) Control dos rendementos.
- f) Valoración dos reprodutores e avaliación xenética.
- g) Desenvolvemento dun sistema nacional de información e bases de datos para a xestión e divulgación das razas.
- h) Creación e rexistro de centros de reprodución, centros de almacenamento, bancos de xermoplasma e equipamentos de recolla ou produción de embrións.
- i) Aprobación e desenvolvemento dos programas de difusión da mellora e a celebración de certames gandeiros.
- j) Establecemento e designación dos órganos de análise e coordinación en que se integren os representantes das diversas administracións, entidades e sectores afectados.
- k) Designación de centros autorizados e centros de referencia de reprodución e de xenética animal.
- l) Impulso de medidas que estimulen a investigación no campo da conservación, mellora e fomento de razas de gando e a creación de redes nacionais de traballo en calquera das liñas do programa para favorecer a coordinación e o intercambio de experiencias e coñecementos.
- m) Liñas de axudas ao Programa nacional, que serán establecidas polas autoridades competentes para o seu desenvolvemento.

Sección 1.^a *Catálogo oficial de razas de gando de España*

Artigo 6. *Catálogo oficial de razas de gando de España e a súa modificación.*

1. A relación de razas do Catálogo oficial figura no anexo I deste real decreto.
2. O recoñecemento, clasificación e incorporación de razas no Catálogo oficial será realizado de acordo cos procedementos establecidos para estes efectos pola Comisión Nacional de Coordinación, prevista no artigo 34, que incluírán en todo caso a presentación e análise da documentación da correspondente raza, así como o seu preceptivo informe.

Sección 2.^a Asociacións de criadores de animais de razas gandeiras

Artigo 7. *Recoñecemento de asociacións de criadores que creen ou xestionen libros xenealóxicos.*

1. O recoñecemento oficial de toda asociación de criadores para a creación ou a xestión do libro xenealóxico correspondente será efectuado, por solicitude destas, pola autoridade competente.

2. As asociacións só poderán xestionar os libros das razas a que representen.

Artigo 8. *Requisitos para o recoñecemento oficial de asociacións de criadores que creen ou xestionen libros xenealóxicos.*

As asociacións serán recoñecidas se cumpren, polo menos, os seguintes requisitos xerais, e iso sen prexuízo do cumprimento de requisitos específicos exixidos en función da especie ou raza, pola normativa aplicable en cada caso:

- a) Ter personalidade xurídica.
- b) Carecer de ánimo de lucro.
- c) Dispor dos seguintes medios:

1.º Persoal suficiente e cualificado para atender o bo desenvolvemento das funcións propias do libro xenealóxico e do programa de mellora, que incluírá un director técnico do libro xenealóxico, que exercerá a coordinación e o seguimento do programa de mellora e que deberá ser un titulado universitario con coñecementos e formación en materia zootécnica.

2.º Equipamento e material informático ou mecánico adecuados ás funcións que se van desenvolver, especialmente para o tratamento de datos.

3.º Modelos de impresos normalizados para informe e tratamento de datos dentro dos distintos rexistros, ou ben a descrición detallada, no suposto de que a normativa do libro xenealóxico permita a transmisión destes datos vía telemática.

4.º Acreditar que ten medios para realizar os controis analíticos de filiación, que inclúa a dispoñibilidade de servizos de laboratorio para estes efectos, propios ou alleos, a través de técnicas homologadas polo Centro Nacional de Referencia de Xenética Animal.

d) Ter recursos económicos suficientes para a xestión do libro xenealóxico e o desenvolvemento do programa de mellora, segundo o censo da raza e a súa distribución territorial.

e) Posuír uns efectivos mínimos de animais e de criadores que permitan desenvolver o programa de mellora.

f) Presentar, para a súa aprobación pola autoridade competente, a proposta de regulamentación específica do libro xenealóxico, e a do programa de mellora, ou, se for o caso, adaptación á regulamentación e ao programa preexistentes, avalada por un centro cualificado de xenética, que inclúan, polo menos, os contidos obrigatorios mencionados nos artigos 16 e 21.2. Cando a súa aprobación corresponda ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, será competente o director xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros.

g) Dispor duns estatutos ou dun regulamento interno de funcionamento establecido de forma estatutaria, que prevexan especificamente a ausencia de discriminación á hora de realizar as súas funcións, no que se refire á xestión do libro xenealóxico entre os seus socios, e entre estes e o resto de gandeiros, e que lle posibilite a integración como socio a calquera gandeiro que o desexe e cumpra os requisitos exixibles.

Artigo 9. *Competencias para o recoñecemento de asociacións.*

1. A autoridade competente para o recoñecemento das asociacións de criadores de animais de razas gandeiras para a creación ou a xestión dos libros xenealóxicos é:

a) O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, cando a asociación sexa de ámbito nacional e se refira a unha raza cuxo censo de animais estea distribuído en, polo menos, tres comunidades autónomas, sempre que o censo na comunidade autónoma predominante non exceda o 60 por cento do total de reprodutoras.

b) No resto dos casos, a comunidade autónoma en que radique o maior censo de animais.

2. Cando o recoñecemento oficial da asociación corresponda ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, o órgano competente será o director xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros dese ministerio, e o prazo máximo en que se debe ditar e notificar a resolución expresa será de seis meses, contados desde a data en que a solicitude tivese entrada no rexistro do órgano competente.

Transcorrido ese prazo sen ter recibido a correspondente notificación, a solicitude de recoñecemento entenderase estimada e a solicitante recoñecida, salvo que careza dos requisitos esenciais para iso, segundo dispón o artigo 62.1.f da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 10. *Concorrenza de asociacións.*

1. No caso de que xa exista unha ou varias asociacións de criadores oficialmente recoñecidas para a xestión do libro xenealóxico dunha raza, calquera outra asociación que solicite o seu recoñecemento oficial deberá acreditar que representa, polo menos, o 25 por cento dos gandeiros da raza e que inclúe, polo menos, o 30 por cento do censo de reprodutoras inscritas na sección principal do libro xenealóxico, sen prexuízo do cumprimento doutros requisitos exixidos pola normativa de aplicación, e, en especial, das obrigas contidas no artigo 11.

2. En calquera caso, a segunda ou sucesivas asociacións que soliciten o recoñecemento oficial para a xestión do libro xenealóxico dunha raza deberán respectar a regulamentación específica deste libro e o programa de mellora, aprobados oficialmente para esa raza.

3. Non obstante o cumprimento dos requisitos anteriores, a autoridade competente denegará o recoñecemento cando este poida pór en perigo o programa de mellora da raza, ben por falta de conexións á base de datos da raza, ben pola insuficiencia, en termos absolutos, do censo mínimo necesario para garantir a súa viabilidade, ou por outros motivos que comprometan o programa de mellora, sempre de acordo coa regulamentación oficialmente aprobada e a situación de cada raza.

Artigo 11. *Obrigas das asociacións.*

As asociacións recoñecidas deberán cumprir, como mínimo, as seguintes obrigas:

a) Establecer os obxectivos de conservación, mellora e fomento da súa raza.
b) Manter e xestionar o libro xenealóxico da súa raza expedindo os documentos relativos ás funcións propias dos libros xenealóxicos, en especial certificacións e cartas xenealóxicas.

c) Desenvolver o programa de mellora oficialmente aprobado para cada raza.

d) Se é o caso, presentar, para a súa aprobación pola autoridade competente, as propostas de modificación da regulamentación específica do libro xenealóxico ou dos programas de mellora; estas últimas deberán ser avaladas por un centro cualificado de xenética.

e) Informar, por requirimento da autoridade competente, e polo menos anualmente, do funcionamento do libro de que se trate e do programa de mellora, así como das incidencias de interese acaecidas en relación coa raza, especialmente no referente ao seu censo, expansión nacional e internacional, probas de cualificación e selección, certames e, se é o caso, os regulamentos de aplicación.

f) Garantir o acceso ás súas bases de datos, así como comprometerse a establecer mecanismos de comunicación telemáticos, na forma e condicións que a autoridade

competente determine, para facilitar os datos do libro xenealóxico e do programa de mellora, necesarios para constituír a base de datos única para cada raza, segundo o disposto no artigo 27.

- g) Realizar o programa de difusión da mellora definido no artigo 30.
- h) Prestar os servizos do libro xenealóxico sen discriminación a calquera titular de explotación de animais de raza pura que o solicite, sexa ou non socio, e independentemente da súa localización, nas condicións establecidas na regulamentación específica do libro xenealóxico da raza.
- i) Velar pola coherencia das accións que concorran na conservación, mellora e fomento da raza para a xestión de cuxo libro xenealóxico está oficialmente recoñecida, e establecer os mecanismos necesarios para alcanzar un uso sustentable dela.

Artigo 12. *Extinción do recoñecemento.*

A autoridade competente poderá declarar extinguido o recoñecemento dunha asociación cando concorra, polo menos, algunha das seguintes circunstancias:

- a) Se a asociación deixa de reunir, de forma continuada, os requisitos para o recoñecemento establecidos no artigo 8.
- b) Se a asociación incumpre reiteradamente calquera das obrigas reguladas no artigo 11.

Artigo 13. *Asociacións de segundo grao.*

1. As asociacións de criadores de animais de razas gandeiras poderán constituír federacións, confederacións ou agrupacións que integren as diversas entidades que existan para as diversas razas, designándose xenericamente como asociacións de segundo grao, para a defensa e representación dos intereses dos seus asociados ante as administracións públicas, así como para establecer os mecanismos que faciliten a adecuada e homoxénea xestión de tales razas para o seu fomento, conservación e mellora.

2. As administracións públicas poderán promover a constitución de asociacións de segundo grao que integren asociacións que existan de criadores da mesma ou de diferentes razas, para a xestión e coordinación do libro ou dos libros xenealóxicos, así como o desenvolvemento do programa ou dos programas de mellora.

3. En caso de que algunha ou algunhas das asociacións que se integren estivese xa recoñecida para a xestión de libros xenealóxicos, manterá este recoñecemento, salvo que a autoridade competente autorice a xestión do libro correspondente á entidade de segundo grao que se forme, logo de solicitude desta e renuncia expresa da entidade que en primeira instancia estivese recoñecida para a xestión do libro.

4. O recoñecemento oficial será efectuado pola comunidade autónoma en que radique a súa sede social cando se circunscriban ao ámbito dunha soa de tales comunidades autónomas, e polo Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño sempre que as actividades da asociación de segundo grao teñan lugar en máis dunha comunidade autónoma.

Artigo 14. *Control técnico da raza.*

O control técnico da raza será desempeñado pola autoridade competente polos medios que esta determine, no caso da Administración xeral do Estado, a través do inspector de raza, e recollerá, como mínimo, as seguintes funcións:

- a) Realizar o control técnico da aplicación das normas establecidas para cada raza, comprobando a súa correcta aplicación e verificando o cumprimento dos criterios do libro xenealóxico, o control de rendementos e o programa de mellora.
- b) Supervisar o cumprimento dos requisitos zootécnicos e xenealóxicos dos animais presentados aos certames de gando selecto.

c) Informar sobre a situación da raza e a asociación e propor as actuacións en materia de xestión dos libros xenealóxicos e programas de mellora que teñan que ser reexaminadas.

d) Colaborar na comprobación da correcta aplicación das subvencións públicas, así como a xustificación das actuacións financiadas.

e) Se for o caso, formar parte da Comisión xestora do programa de mellora.

Sección 3.^a *Explotacións colaboradoras*

Artigo 15. *Rexistro de explotacións colaboradoras.*

1. Cada asociación de criadores recoñecida xestionará un rexistro onde inscribirá as «explotacións colaboradoras».

2. Todas as explotacións que colaboran co programa de mellora deberán estar inscritas neste rexistro, e os seus titulares deberán participar en todo o que este programa dispoña.

3. Cada unha das explotacións colaboradoras deberá estar asociada co/s código/s asignados para a súa inscrición no Rexistro xeral de explotacións gandeiras establecido no Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras.

4. Sen prexuízo do anterior, nin do que a normativa específica de cada raza poida establecer, a asociación recoñecida, para efectos de funcionamento interno, poderalle asignar unha ou varias siglas a cada «explotación colaboradora».

5. Nas respectivas regulamentacións específicas estableceranse os requisitos que deberán cumprir as explotacións colaboradoras, entre os cales poderá figurar a necesidade de dispor dun número mínimo de reprodutores. Este requisito poderá ser, así mesmo, exigible no caso das razas clasificadas como en perigo de extinción, aínda que atendendo a un criterio cuantitativo acorde co censo de tales razas.

Sección 4.^a *Reglamentación específica dos libros xenealóxicos*

Artigo 16. *Contidos mínimos da regulamentación específica do libro xenealóxico.*

Os contidos mínimos da regulamentación específica do libro xenealóxico son:

a) Determinación das características da raza, incluída a súa denominación, o prototipo racial e o sistema de cualificación.

b) Métodos específicos usados na identificación dos animais, se é o caso.

c) División do libro xenealóxico, en caso de existir diversas condicións de inscrición dos animais no libro ou diferentes procedementos de clasificación dos animais inscritos no libro.

d) Requisitos para a inscrición dos animais no libro xenealóxico.

e) Medidas establecidas para garantir a fiabilidade da filiación ou control de parentesco.

f) En caso de solicitar o recoñecemento para a xestión do libro xenealóxico dunha nova raza, indicación da duración do período de tempo durante o cal é posible a inscrición de animais no rexistro fundacional.

Artigo 17. *Métodos para a identificación.*

1. Todos os animais de raza que se inscriban nun libro xenealóxico deberán estar identificados individualmente, de acordo coa normativa vixente en materia de identificación para cada especie, e o código que conste nesta identificación será o utilizado para a inscrición no libro, así como no resto da documentación zootécnica que se refira ao animal.

2. Como complemento desta identificación, poderanse utilizar outros sistemas de identificación específicos para cada especie ou raza, como poden ser as marcas auriculares, as tatuaxes, os métodos de identificación electrónica, os marcadores xenéticos ou outros

métodos cientificamente adecuados, sempre de acordo cos criterios legalmente establecidos e coa normativa específica desa raza.

3. No caso de que non exista unha normativa oficial para a identificación individual dunha especie, deberanse utilizar sistemas de identificación específicos para cada raza de entre os citados no punto anterior.

Artigo 18. *División do libro xenealóxico.*

1. Todo libro xenealóxico estará integrado, polo menos, por unha sección principal, que poderá estar formada polos seguintes rexistros:

a) Rexistro de nacementos: para aqueles animais de ambos os sexos que cumpran as condicións do artigo 19 e a regulamentación específica para cada especie ou raza.

b) Rexistro definitivo: para aqueles exemplares reprodutores que procedan do rexistro de nacementos e cumpran as condicións do artigo 19 e a regulamentación específica para cada especie ou raza.

Dentro deste rexistro poderán existir, sempre que non o impida a normativa vixente, un ou varios rexistros de reprodutores no/s cal/es se inscribirán os animais que superasen favorablemente as probas de valoración exixibles en cada caso.

2. Ademais, salvo nos supostos en que, de conformidade coa normativa internacional, non sexa posible, poderán constituírse os seguintes rexistros ou seccións anexas, que se axustarán aos criterios técnicos de cada raza:

a) Rexistro fundacional: para libros xenealóxicos de nova creación ou que contan con poucos exemplares rexistrados, en que se incluírán, sempre referidos a unha data límite desde a creación do libro ou rexistro, aqueles animais que cumpran as características mínimas para a recuperación da raza ou as condicións establecidas regulamentariamente para a apertura dese novo rexistro, ou, nos casos en que expresa e concretamente o autorice a autoridade competente, para a súa reapertura, se iso for necesario para o mantemento ou recuperación da raza.

b) Rexistro auxiliar (sección anexa): para aqueles animais ou os seus descendentes, ou só para as femias, se é o caso, que, ou ben teñen algunha xenealoxía descoñecida, ou ben non foron rexistrados no seu momento, pero que superen a proba de valoración ou cualificación prevista para cada raza gandeira e demostren -por si mesmos ou a través dos seus descendentes- unhas calidades morfolóxicas, produtivas ou funcionais notables, sempre de acordo coa normativa comunitaria para cada especie.

c) Rexistro de méritos: no cal se inscribirán os animais reprodutores pertencentes á sección principal que demostrasen unhas calidades xenéticas morfolóxicas, produtivas, reprodutivas ou funcionais sobresalientes, de acordo coa normativa específica de cada raza.

Artigo 19. *Inscripción dos animais no libro xenealóxico.*

1. Só poderán ser obxecto de inscrición nos seus respectivos libros xenealóxicos os exemplares en que concorran as circunstancias que se especifican neste real decreto, na normativa das comunidades autónomas e na regulamentación específica de cada raza, sen prexuízo da demais normativa de aplicación.

2. Na sección principal do libro xenealóxico correspondente a cada unha das razas inscribíranse os animais que cumpran, polo menos, os seguintes requisitos:

a) Provir de pais e avós inscritos ou rexistrados no libro xenealóxico da mesma raza. Non obstante o anterior:

1.º Nas especies cuxa normativa específica dispoña que a inscrición de pais e avós fose realizada na sección principal do libro xenealóxico, o rexistro fundacional considerarase, para estes efectos, parte da sección principal do libro xenealóxico.

2.º Nos équidos rexistrados poderase practicar a inscrición, como produtos a título de ascendencia, dos exemplares que proveñan de proxenitores inscritos no libro

xenealóxico da raza, ou de proxenitores admitidos en cruzamento para producir esa raza. Ademais, os descendentes de animais inscritos no rexistro auxiliar poderán acceder ao rexistro de nacementos de os animais do rexistro auxiliar se reproduciren con reprodutores do rexistro definitivo, nas condicións que se determinen para cada raza.

b) Ter sido declarada a cubrición, a inseminación artificial ou a implantación de embrións, polo gandeiro ou o facultativo veterinario responsable delas, e ter sido declarado o nacemento polo procedemento establecido para estes efectos pola asociación xestora do libro xenealóxico, ou por vía telemática, se é o caso. Poderanse establecer excepcións para a existencia de declaración de cubrición no caso das razas explotadas en sistema extensivo.

c) Ter sido identificados de acordo co previsto neste real decreto, así como se é o caso, na normativa das comunidades autónomas.

d) Ter establecida unha filiación, de acordo coas normas do libro xenealóxico de cada raza e coas disposicións do artigo 20 desta norma.

3. No rexistro auxiliar (sección anexa) do libro xenealóxico poderán ser inscritos ou rexistrados os exemplares que se encontren nalgún dos seguintes casos:

a) Cando unha femia non responda aos requisitos exixidos para ser inscrita na sección principal (rexistro de nacementos e rexistro definitivo), a asociación de criadores que xestione o libro xenealóxico poderá decidir que esta femia sexa inscrita no rexistro auxiliar (sección anexa) do dito libro, sempre que responda ás exixencias seguintes:

- 1.º Ser identificada de acordo coas normas establecidas no libro xenealóxico.
- 2.º Axustarse ao estándar da raza.
- 3.º Responder, no caso de existiren, aos criterios de rendementos mínimos fixados, segundo as normas establecidas no programa de mellora.

b) As dúas últimas exixencias mencionadas na alínea anterior poderán ser diferenciadas segundo que esa femia pertenza á dita raza, aínda que careza de orixe coñecida, ou que proceda dun programa de mellora aprobado para a asociación de criadores que xestione o libro xenealóxico.

c) Exclusivamente nas especies ou razas en que así o permita a normativa comunitaria, os machos que cumpran os requisitos que para o efecto aprobe a autoridade competente.

4. Sen prexuízo do anterior:

a) A femia cuxa nai e avoa estean inscritas na sección anexa do libro (rexistro auxiliar) de acordo cos criterios sinalados na alínea a) do punto 3, e cuxo pai e dous avós estean inscritos na sección principal (rexistro de nacementos ou definitivo), será considerada femia de raza pura e inscribírase na citada sección principal, sempre de acordo coa normativa comunitaria.

b) Aqueles animais inscritos no rexistro auxiliar dos cales se poida demostrar a ascendencia xenealóxica necesaria para acceder á sección principal, por marcadores xenéticos ou, se é o caso, mediante outros medios ou mecanismos válidos e recoñecidos internacionalmente, que deberán ser determinados, poderán ser inscritos na dita sección principal.

5. Os exemplares procedentes doutro Estado membro que satisfagan a normativa zootécnica comunitaria, poderanse inscribir no rexistro dun libro xenealóxico a cuxos criterios corresponda, sempre que vaian acompañados da documentación que conteña os datos necesarios para practicar esta inscrición, de acordo coa normativa específica de cada especie e raza. Ningunha asociación recoñecida oficialmente se poderá opor a tal inscrición no seu libro xenealóxico.

Artigo 20. Filiación.

1. As asociacións de criadores oficialmente recoñecidas e os servizos oficiais deberán establecer mecanismos de control de filiación para garantir as xenealoxías dos animais inscritos nos libros xenealóxicos, pola análise dos marcadores xenéticos ou, se é o caso, mediante outros medios ou mecanismos válidos e recoñecidos internacionalmente, que deberán ser determinados na regulamentación específica da raza e ser acordes coas indicacións do Centro Nacional de Referencia de Xenética Animal.

2. O control de filiación dos animais inscritos en libros xenealóxicos levarase a cabo mediante unha mostraxe aleatoria e un control obrigatorio. A mostraxe aleatoria farase sobre os exemplares existentes nas gandarías desa raza, e prioritariamente sobre os que fosen obtidos mediante a aplicación de técnicas de reprodución asistida, e o control obrigatorio realizarase nos seguintes casos:

- a) Para os machos que participen en probas de valoración individual.
- b) Para os animais mellorantes, segundo a definición do artigo 2.
- c) Para os machos destinados á reprodución, xa sexa mediante a inseminación artificial ou por monta natural, no caso de gandarías de distintos titulares que compartan localización, aínda que sexa de forma temporal.

3. En todo caso, as asociacións de criadores oficialmente recoñecidas para o mantemento do libro xenealóxico poderán establecer que, con carácter obrigatorio, se leve a cabo o control de filiación nas poboacións que se considere necesario.

*Sección 5.^a Programas de mellora**Artigo 21. Programas de mellora.*

1. En función da clasificación da raza, do seu grao de desenvolvemento, censo, interese zootécnico e aptitude produtiva, os programas de mellora poderanse diferenciar en programas de selección e programas de conservación.

2. Os programas de mellora deberán incluír as actuacións específicas recollidas no anexo II e, en calquera caso, os seguintes contidos mínimos:

- a) A descrición da situación de partida.
- b) Os obxectivos e criterios de selección ou conservación.
- c) As etapas que se consideran no programa de mellora e a súa cronoloxía.
- d) A relación das explotacións colaboradoras, centros de reprodución, centros de almacenamento, centros de testaxe, bancos de xermoplasma ou equipamentos de recollida ou produción de embrións, que se prevé que interveñan no programa de mellora.
- e) As actuacións previstas para evitar a consanguinidade, deriva xenética, perda de variabilidade xenética, perda de efectivos ou perda de caracteres produtivos.
- f) A designación dun centro cualificado de xenética que avale o programa de mellora.
- g) A previsión e os mecanismos de difusión da mellora xenética e a utilización sustentable da raza.
- h) A designación dunha comisión xestora que facilite a coordinación e o seguimento dos programas de mellora.

3. A execución dos programas de mellora corresponderá á asociación de criadores oficialmente recoñecida para o mantemento do libro xenealóxico ou, se é o caso, ao servizo oficial responsable.

4. A autoridade competente aprobará, se é o caso, os programas de mellora ou as propostas de modificación dos xa oficialmente aprobados. En calquera caso será preciso o aval dun centro cualificado de xenética.

Artigo 22. Participación no programa de mellora.

1. O programa de mellora de cada raza establecerá as modalidades de colaboración e integración dos gandeiros, así como a participación dos centros de reprodución, centros de almacenamento, centros de testaxe, bancos de xermoplasma ou equipamentos de recolla e/ou produción de embrións.

2. Para aquelas razas, encastes, estirpes ou variedades que teñan aprobado un programa de conservación, a participación neste programa será obrigatoria para todos os gandeiros que pertencen á asociación en que dispoñan as autoridades competentes.

3. As administracións públicas e as asociacións de criadores poderán establecer mecanismos para facilitar a incorporación dos gandeiros aos programas de mellora e definir prioridades para apoiar as explotacións colaboradoras que cumpran coas orientacións que o propio programa de mellora determine para a difusión da mellora.

Artigo 23. Control de rendementos.

1. O control oficial de rendimento leiteiro desenvolverase de acordo co disposto no Real decreto 368/2005, do 8 de abril, polo que se regula o control oficial do rendimento leiteiro para a avaliación xenética das especies bovina, ovina e caprina, e as demais normas que sexan de aplicación.

2. As modalidades empregadas para o control de rendimento cárnico descríbense no anexo III, sen prexuízo do disposto polas decisións comunitarias.

Para que os datos resultantes do control de rendimento cárnico oficial dos animais dunha raza se poidan publicar como tales datos dun control oficial, será preciso, polo menos, que as pautas e métodos empregados para o control do rendimento estean incluídos nos programas de mellora, que estes fosen aprobados pola autoridade competente e que exista un censo efectivo de animais no territorio nacional que permita levar a cabo este programa.

3. No gando bovino destinado á lida, os controis efectuaranse, polo menos, baseándose nos criterios xerais existentes para a avaliación xenética das demais producións, pero adaptados ás súas particularidades propias, ás súas aptitudes para a lida, aos caracteres de comportamento e aos seus obxectivos de selección.

4. Nos équidos poderase realizar, polo menos, a través dos seguintes medios:

- a) Probas de selección de cabalos novos para as diversas disciplinas e aptitudes.
- b) Probas de testaxe realizadas en centros de valoración individual e centros de adestramento autorizados, para homologar as condicións dos animais e do medio onde se desenvolven.
- c) Probas de valoración individual dos reprodutores.
- d) Probas de campo.
- e) Probas para a cualificación morfolóxica lineal.
- f) Concursos morfolóxicos e funcionais.
- g) Competicións nas diversas disciplinas hípcas.
- h) Laboratorios ou centros de locomoción.

5. A autoridade competente poderá definir e aprobar outras modalidades de control de rendementos adicionais, noutras producións.

Artigo 24. Valoración dos reprodutores e avaliación xenética.

1. A valoración dos reprodutores será responsabilidade das asociacións oficialmente recoñecidas para o mantemento de libros xenealóxicos, salvo o caso de razas xestionadas por servizos oficiais; neste caso será responsabilidade destes servizos, a través dos sistemas de cualificación establecidos na regulamentación específica do libro xenealóxico de cada raza e mediante as probas de valoración definidas no programa de mellora.

2. A valoración dos reprodutores deberase realizar de acordo con todas ou algunha das seguintes modalidades:

a) Valoración por ascendencia: válida tanto para elixir os proxenitores que se utilizarán nos apareamentos dirixidos como para a elección dos animais candidatos a sementais na subseguinte valoración individual do animal. Poderanse ter en conta un maior ou un menor número de xeracións que os preceden, e a información conterà valores xenéticos (maternos e paternos), e características fenotípicas e xenealóxicas.

b) Valoración individual do animal: é a que se leva a cabo directamente sobre o individuo, a través da comprobación das súas características e o control dos seus rendementos. Poderase efectuar en campo, en estación ou noutros lugares admitidos polo programa de mellora. A valoración individual dos animais pertencentes a razas de difícil manexo poderase realizar só na propia explotación.

c) Valoración pola descendencia e colaterais: é aquela que se fai sobre un individuo a través dos controis da proxenie e os animais relacionados por parentesco, distribuídos nas distintas gandarías.

3. A avaliación xenética levarase a cabo baseándose na información xenealóxica e fenotípica. Os resultados expresaranse en forma de valores xenéticos, na documentación xenealóxica e nos catálogos de sementais e femias mellorantes da raza para os distintos obxectivos de selección. Ao publicar os resultados da avaliación, inclúiranse os datos sobre a fiabilidade e a data de avaliación.

4. A avaliación xenética poderase complementar co cálculo de índices sintéticos específicos para cada obxectivo.

5. Os métodos estatísticos aplicados na avaliación xenética dos animais, e a precisión desta, deberanse axustar á normativa comunitaria e aos principios establecidos polo Comité internacional para a comprobación de rendementos do gando (ICAR).

Sección 6.^a *Sistema Nacional de Información e bases de datos das razas*

Artigo 25. *Sistema Nacional de Información de razas.*

O Sistema Nacional de Información para o coñecemento e a xestión das razas depende do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, coa colaboración e participación das comunidades autónomas e as asociacións de criadores, para uso compartido, e constitúese nunha aplicación informática con tecnoloxía internet/intranet que inclúe unha base de datos informatizada, e que contén, como mínimo, os datos relativos a:

a) Asociacións de criadores oficialmente recoñecidas, así como calquera modificación ou a extinción do seu recoñecemento.

b) Titulares das gandarías, código REGA e sigla, se é o caso.

c) Usuarios do sistema.

d) Información sobre o libro xenealóxico, incluíndo o número de animais nos diferentes rexistros.

e) Datos do programa de mellora e da avaliación xenética.

f) Relación actualizada dos centros de reprodución, centros de almacenamento, bancos de xermoplasma e equipamentos de recolla ou produción de embrións, incluíndo, segundo proceda, o número de rexistro de explotación (REGA), o código zootécnico previsto no artigo 28.3 ou ambos.

g) Información sobre o material xenético existente nos centros de reprodución, centros de almacenamento, bancos de xermoplasma e bancos de ADN, especialmente a información do Centro Nacional de Referencia para Reprodución Animal e Banco de Xermoplasma Animal, recollido no artigo 29.

Artigo 26. *Localización e acceso á información.*

1. O servidor central do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño disporá de toda a información establecida no artigo anterior.

2. As administracións competentes posibilitarán o acceso a esa información, por medios telemáticos, ao resto de usuarios establecendo distintos niveis de acceso, sen

prexuízo dos límites que legalmente correspondan para a protección de datos de carácter persoal, se os houber, e do establecido no capítulo IV.

3. As administracións competentes rexistrarán, nas respectivas axencias de protección de datos, os ficheiros que, pola natureza do seu contido, estean recollidos no ámbito de aplicación da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 27. *Bases de datos das razas.*

1. Cada asociación recoñecida deberá dispor dunha base de datos que aglutine a seguinte información:

- a) O libro ou libros xenealóxicos que xestione, cos datos dos animais.
- b) Os resultados da valoración de reprodutores e do programa de mellora.
- c) Os resultados dos controis de rendementos.
- d) A relación de criadores cos seus efectivos.
- e) A relación das explotacións colaboradoras.
- f) Calquera outro dato de interese para a conservación e fomento da raza.

2. As asociacións deberán dar acceso ás súas bases de datos ás administracións públicas, a cada criador ou propietario e aos demais cidadáns que acrediten un dereito ou interese lexítimo, sen prexuízo da debida protección dos datos de carácter persoal de acordo coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

3. No caso de existiren distintas asociacións recoñecidas para unha mesma raza, deberán integrar os datos correspondentes ao libro xenealóxico e ao programa de mellora nunha soa base de datos xestionada por unha delas, por unha asociación de segundo grao segundo o disposto no artigo 13 ou por un axente público ou privado designado por elas e de acordo coa autoridade competente.

4. Para diferentes razas que comparten o mesmo obxectivo de selección poderanse constituír bases informáticas comúns que integren a información dos animais que participen nos programas de mellora aprobados. As asociacións implicadas colaborarán no mantemento e actualización dos datos necesarios para o funcionamento destas bases.

Sección 7.^a *Reproducción e bancos de xermoplasma*

Artigo 28. *Centros de reprodución, centros de almacenamento, bancos de xermoplasma e equipamentos de recollida ou produción de embrións.*

1. Os centros de reprodución soamente poderán manter nas súas instalacións animais elixidos segundo os criterios que figuren nos programas de mellora oficialmente aprobados para cada raza.

2. Crearanse bancos de xermoplasma, de carácter autónomo ou dependentes dos centros de reprodución e almacenamento, en que se conservará o material xenético descrito no correspondente programa de mellora (seme, óvulos, embrións, células somáticas, ADN ou calquera outro material autorizado). Este material xenético poderá ser obtido mesmo con posterioridade á vida do propio individuo, e procederá preferentemente de:

- a) Animais de razas clasificadas en perigo de extinción, para garantir a súa conservación no futuro.
- b) Animais mellorantes de alta calidade, para a difusión da mellora da raza.
- c) Animais de razas en que se necesite garantir o mantemento da súa variabilidade xenética.

3. Os centros de reprodución, centros de almacenamento e os bancos de xermoplasma, así como os equipamentos de recolla ou produción de embrións, deberán estar autorizados polos órganos competentes das comunidades autónomas, de acordo coa normativa aplicable en cada caso, e deberán dispor dun código de rexistro ou código

zootécnico e ser comunicados ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, que procederá, se é o caso, á notificación á Comisión Europea, conforme a normativa comunitaria.

Artigo 29. Centro Nacional de Referencia para Reprodución Animal e Banco de Xermoplasma Animal.

1. O Centro de Selección e Reprodución Animal de Colmenar Viejo, da Comunidade Autónoma de Madrid, désígnase como Centro Nacional de Referencia para Reprodución Animal e Banco de Xermoplasma Animal.

2. As asociacións de criadores e as comunidades autónomas remitirán ao Centro Nacional de Referencia para Reprodución Animal e Banco de Xermoplasma Animal unha mostra dos exemplares almacenados no seu territorio, para que exista dualidade de mostras, previr riscos e garantir as medidas de conservación do material xenético.

3. As características e funcións do centro recóllense no anexo IV.

Sección 8.^a Difusión da mellora e certames de gando selecto

Artigo 30. Programa de difusión da mellora e certames de gando selecto.

1. Cada asociación de criadores establecerá e presentará, para a súa aprobación pola autoridade competente, un programa de difusión da mellora da súa raza que incluírá, polo menos, as actuacións previstas e os datos de que dispoña relativos a:

- a) Asesoramento técnico ás explotacións.
- b) Formación aos gandeiros.
- c) Publicacións e programas de divulgación da raza e dos seus produtos e utilidades.
- d) Programas de distribución de dose seminais para as probas de descendencia, ou, se é o caso, de monta natural, ou cesión de reprodutores.
- e) Certames de gando selecto.
- f) Organización e venda de reprodutores selectos e material xenético.
- g) Plans de promoción e exportación.

2. As asociacións de segundo grao poderán levar a cabo programas de difusión e mellora que impliquen unha ou varias das razas cuxo libro xenealóxico xestionen oficialmente as asociacións que formen parte delas, nas condicións que determinen as autoridades competentes.

Artigo 31. Tipos de certames de gando selecto.

1. En función da súa finalidade, os certames de gando selecto poden ser das seguintes modalidades, independentes ou combinadas entre si:

a) Concurso de raza: aquel que, con carácter monográfico, reúna animais dunha raza, para cualificar e, se for o caso, premiar os exemplares en función da súa morfoloxía ou controis de rendemento, de acordo co regulamento establecido para estes efectos.

b) Poxa de raza: aquela en que participen exemplares inscritos no libro xenealóxico desa raza, onde o gando se licita en poxa pública, sendo o destino dos animais a reprodución nas explotacións pertencentes ás gandarías a que foron adxudicados. Poderanse realizar poxas virtuais ou telemáticas.

c) Exposición de raza: aquela en que participan exemplares inscritos no libro xenealóxico da súa raza; poderán concorrer diferentes especies e razas, e o seu obxectivo principal é a exhibición deles ou das súas características funcionais.

d) Certames mixtos: calquera combinación dos anteriormente expresados.

2. En función do ámbito territorial ou procedencia das razas participantes, que poden pertencer a unha ou varias especies, os certames poden ser autonómicos, nacionais ou internacionais.

Artigo 32. Requisitos.

1. Sen prexuízo dos requisitos sanitarios establecidos nos artigos 54 e 55 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, os certames de gando selecto deberán, así mesmo, estar autorizados, antes da súa realización, polo órgano competente da comunidade autónoma, de acordo coa lexislación vixente; para este efecto e no caso dos certames de carácter nacional, deberán cumprir, polo menos, os seguintes requisitos:

a) Dispor dunhas instalacións e medios adecuados para a súa función, especialmente aloxamentos e pistas de exhibición de gando, instalacións de manexo de gando e oficinas independentes e correctamente equipadas, que permitan cumprir debidamente a normativa aplicable.

b) Admitir unicamente animais inscritos en libros xenealóxicos, sempre que tanto estes como as explotacións de procedencia cumpran as condicións de zootecnia, sanidade e benestar animal legalmente establecidas, sen discriminación por razón da orixe.

c) No caso das poxas nacionais de gando, admitir unicamente animais que estean valorados positivamente ou que sexan descendentes de animais mellorantes.

2. A autoridade competente supervisará a realización do certame polos medios oportunos, que poderán incluír, se é o caso, a designación dun director técnico.

3. No caso das poxas virtuais, a asociación de criadores deberá definir nun regulamento as condicións da súa realización, e será responsable da súa comunicación á autoridade competente.

Artigo 33. Calendario.

1. O calendario oficial dos certames de gando selecto de carácter nacional será aprobado polo director xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

2. As asociacións de criadores oficialmente recoñecidas, as asociacións de segundo grao e, se é o caso, as comunidades autónomas e outras entidades públicas, presentarán ante a dita dirección xeral, antes do día 30 de novembro do ano anterior, a proposta dos certames de carácter nacional que se celebrarán no ano seguinte, con indicación de datas, lugares, especies e razas participantes.

*Sección 9.^a Órganos de coordinación**Artigo 34. Comisión Nacional de Coordinación para a conservación, mellora e fomento de razas gandeiras.*

1. Créase a Comisión Nacional de Coordinación para a conservación, mellora e fomento de razas gandeiras (en diante Comisión Nacional de Coordinación), como órgano colexiado de carácter interadministrativo, adscrito ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, a través da Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros.

2. Son funcións da Comisión Nacional:

a) Servir de órgano permanente de relación entre a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas en materia de zootecnia e, se é o caso, exercer de órgano de estudo, análise e proposta de actuacións zootécnicas sobre as razas e as súas asociacións.

b) O seguimento e a coordinación coas comunidades autónomas da execución da normativa vixente, en materia de razas gandeiras obxecto do Programa nacional.

c) A revisión periódica da evolución desta execución, propoñendo as modificacións precisas para un eficaz cumprimento dos obxectivos ou elevando, se é o caso, propostas normativas.

d) Elevar ás autoridades competentes propostas que permitan unha mellor execución da dita normativa e asesorar en materia de zootecnia, cando así lle sexa solicitado.

e) Informar, con carácter preceptivo, as propostas de modificacións do Catálogo oficial de razas de gando en España, realizando o seguimento e control, de acordo cos procedementos establecidos pola propia Comisión.

f) Propor a realización de estudos e a solicitude de informes que se consideren necesarios das entidades científicas e representativas en materia de reprodución animal, etnozootecnia e xenética.

g) Analizar a proposta de calendario de certames a que se refire o artigo 33.

h) Coordinar, coñecer e, se é o caso, emitir informe sobre as solicitudes para o recoñecemento oficial de asociacións de criadores e os expedientes de extinción deste, ou propor medidas ou actuacións para garantir o adecuado funcionamento destas entidades, así como expor e analizar calquera tipo de dúbida ou resolver discrepancias que puidesen xurdir a este respecto.

i) Coñecer e, se é o caso, analizar as regulamentacións específicas dos libros xenealóxicos e os programas de mellora, así como as propostas de modificación dos oficialmente aprobados.

j) Coordinar, avaliar, en materia de reprodución animal, centros de almacenamento e bancos de xermoplasma e emitir informe sobre eles, fomentando a cooperación entre os distintos centros, e propoñendo actuacións e regulamentacións específicas.

k) Coñecer, avaliar e analizar a situación dos controis de rendemento e emitir informe sobre ela.

l) Actualizar periodicamente a relación das autoridades competentes a que se refire o artigo 9.1, á vista da evolución da distribución do censo das distintas razas gandeiras.

3. A Comisión Nacional estará composta polos seguintes membros:

a) Presidente: o director xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

b) Vicepresidente primeiro: o subdirector xeral de Conservación de Recursos e Alimentación Animal.

c) Vicepresidente segundo: un representante dunha comunidade autónoma.

d) Vogais: en representación da Administración xeral do Estado, un funcionario da Subdirección Xeral de Conservación de Recursos e Alimentación Animal designado polo presidente. En representación das comunidades autónomas, un representante de cada unha das que acorden integrarse neste órgano, designados polo órgano autonómico competente na materia.

e) Secretario: un funcionario da Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros designado polo presidente, con voz pero sen voto.

Nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, o presidente será substituído polo vicepresidente primeiro.

Así mesmo, poderán asistir ás reunións da Comisión Nacional, en calidade de asesores, con voz pero sen voto, aquelas persoas que, en consideración á súa competencia profesional, sexan expresamente convocadas polo presidente por iniciativa propia ou por proposta de calquera outro membro da Comisión.

4. A Comisión aprobará as súas propias normas de funcionamento e, en todo o non previsto expresamente nesas normas e neste artigo, será de aplicación o establecido no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, en materia de órganos colexiados, e poderá acordar a constitución de grupos de traballo específicos.

5. En todo caso, a Comisión Nacional reunirse polo menos unha vez cada semestre, e tantas veces como a situación o requira, mediante convocatoria do seu presidente. A Comisión poderá constituír grupos de traballo ou comités específicos para o estudo e proposta de cuestións concretas.

6. O funcionamento da Comisión será atendido cos medios materiais e de persoal existentes no Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño. Non obstante, os gastos en concepto de indemnizacións por razón de servizo, que se orixinen pola

participación en reunións da Comisión, serán por conta das súas respectivas administracións.

Sección 10.^a *Laboratorios e centros de xenética.*

Artigo 35. *Centro Nacional de Referencia de Xenética Animal.*

1. O Laboratorio Central de Veterinaria do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, sito en Algete, designase como Centro Nacional de Referencia de Xenética Animal para a homologación das técnicas de análise dos marcadores xenéticos para a identificación e control de filiación dos animais e, se é o caso, a determinación dos xenes vinculados á mellora da produción animal e á transmisión de enfermidades, así como a detección de anomalías cromosómicas de interese produtivo.

2. As funcións do Centro Nacional de Referencia son as establecidas no anexo V.

Artigo 36. *Centros oficiais de xenética das comunidades autónomas.*

1. Os órganos competentes das comunidades autónomas poderán establecer os centros de xenética de carácter público ou, se é o caso, recoñecer os de carácter privado, competentes para efectuar as análises de xenes e os marcadores xenéticos con carácter e validez oficiais, e designar aquel ou aqueles centros que poidan realizar, no marco do Programa nacional, as análises dos xenotipos dos animais pertencentes a explotacións que se encontren no seu ámbito de actuación.

2. O xenotipado das razas gandeiras, para efectos do Programa nacional, só se poderá realizar no Centro Nacional de Referencia ou nos centros oficiais a que se refire este artigo.

CAPÍTULO III

Intercambios intracomunitarios e importacións de países terceiros

Artigo 37. *Intercambios intracomunitarios.*

Para o intercambio intracomunitario de animais vivos, esperma, óvulos e embrións, e sen prexuízo da normativa comunitaria zootécnica de aplicación, incluída nas directivas citadas na disposición derradeira primeira, nin da lexislación sanitaria vixente, non se poderán prohibir, restrinxir nin obstaculizar os intercambios de reprodutores de raza nin do seu material xenético. Ademais, aplicarase o disposto a continuación para cada unha das seguintes especies:

1. Bovinos:

a) Sen prexuízo do disposto na alínea f), non se poderá prohibir, restrinxir nin obstaculizar:

1.º A admisión á reprodución das femias de bovino de raza pura.

2.º A admisión á cubrición natural dos touros de raza pura.

3.º A utilización dos óvulos e embrións de femias de bovino de raza pura.

b) A valoración oficial dun semental de raza pura mediante a utilización do seu esperma estará condicionada a unha limitación cuantitativa das doses que se empregarán e á proposta oficial por parte das asociacións de criadores oficialmente recoñecidas. No caso de que esta aplicación der lugar a controversias, en particular, respecto á interpretación dos resultados das probas, os interesados teñen dereito a solicitar o ditame dun experto, de acordo co disposto no artigo 8 da Directiva 77/504/CEE.

c) A admisión á inseminación artificial de touros de raza pura ou a utilización do seu seme, cando estes touros fosen admitidos á inseminación artificial nun Estado membro,

basearase nos resultados positivos e actualizados das probas efectuadas de conformidade coa lexislación específica aplicable.

d) A utilización dos touros de raza selecta e do seu seme, recollidos nas alíneas b) e c), estará subordinada a unha identificación destes touros mediante análise sanguínea ou calquera outro método adecuado que se adopte segundo o procedemento previsto na normativa comunitaria.

e) O seme a que se refiren as alíneas b) e c), cando sexa obxecto dun intercambio intracomunitario, recollerase, tratarase e almacenarase nun centro de recollida ou, chegado o caso, almacenarase nun centro de almacenamento autorizado, de conformidade co Real decreto 2256/1994, do 25 de novembro, polo que se fixan as exixencias de policía sanitaria aplicables aos intercambios intracomunitarios e ás importacións de esperma de animais da especie bovina.

f) Os órganos competentes das comunidades autónomas exixirán que os bovinos de raza pura para reprodución, así como o esperma, óvulos e embrións procedentes deles, vaian acompañados nos intercambios intracomunitarios por un certificado xenealóxico que se axuste aos requisitos establecidos pola normativa comunitaria.

2. Ovinos e caprinos: será de aplicación a normativa comunitaria.

3. Porcinos:

a) Non se poderá prohibir, restrinxir nin obstaculizar:

1.º A admisión para a inseminación artificial de machos reprodutores de raza pura nin a utilización do seu esperma, cando estes animais fosen admitidos para este fin noutro Estado membro, á vista do control efectuado do rendemento e da apreciación do valor xenético dos animais, realizado de acordo co disposto na lexislación comunitaria aplicable.

2.º A admisión de machos reprodutores de raza pura para as probas oficiais nin a utilización do seu esperma dentro dos límites cuantitativos necesarios para levar a cabo o control do rendemento e a avaliación do seu valor xenético, efectuado de acordo co disposto na lexislación comunitaria aplicable, por asociacións oficialmente recoñecidas ou, se for o caso, polo servizo oficial da Administración competente.

3.º A admisión para a reprodución das femias reprodutoras de raza pura.

4.º A admisión para a cubrición natural de machos reprodutores de raza pura.

5.º A utilización de óvulos e embrións procedentes de femias reprodutoras de raza pura.

b) No caso de que a aplicación dos puntos 1.º e 2.º da alínea anterior der lugar a controversias, en particular respecto á interpretación dos resultados das probas, os interesados poderán solicitar o ditame dun perito. Á luz deste ditame, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño poderá solicitar, a través da canle correspondente, a adopción de medidas polos órganos comunitarios de acordo co disposto no artigo 11 da Directiva 88/661/CEE.

c) O esperma a que se refiren os puntos 1.º e 2.º da alínea a), así como os óvulos e embrións, cando vaian ser comercializados, serán recollidos, tratados e almacenados polo órgano competente da comunidade autónoma ou polo persoal autorizado pola dita Administración.

4. Équidos.

a) Animais vivos.—Os équidos rexistrados deberán ir acompañados, para o seu movemento, dun documento de identificación conforme o modelo previsto na normativa comunitaria.

Cando un équido rexistrado procedente doutro país da Unión Europea sexa trasladado a España, terá que ser inscrito nun libro xenealóxico da súa raza xestionado en España, salvo excepción convida de mutuo acordo entre as dúas asociacións oficialmente recoñecidas de que se trate, ou entre a asociación española oficialmente recoñecida e o servizo oficial do outro país da Unión Europea.

Se os estatutos das asociacións o permiten, o nome de orixe do équido poderá ir precedido ou seguido por outro nome, mesmo con carácter provisional, coa condición de

que o nome de orixe se manteña entre paréntese, durante a vida do équido de que se trate, e que se indique o seu país de nacemento por medio das siglas recoñecidas nos acordos internacionais.

b) Comercio intracomunitario de esperma, óvulos e embrións.— O esperma, os óvulos e os embrións dos équidos de raza pura que se comercialicen irán acompañados dun certificado zootécnico de orixe e de identificación, expedido pola asociación oficialmente recoñecida de que se trate, que se deberá redactar, polo menos, en castelán e na lingua do país de destino, e conforme o modelo establecido pola normativa comunitaria.

Artigo 38. *Importacións de países terceiros.*

1. Para a importación de animais vivos, esperma, óvulos e embrións de países terceiros, e sen prexuízo da lexislación sanitaria vixente, aplicarase o disposto no Real decreto 52/1995, sobre os principios relativos ás condicións zootécnicas e xenealóxicas aplicables á importación de animais, seme, óvulos e embrións de países terceiros, que traspón a Directiva 94/28/CE do Consello, do 23 de xuño de 1994, pola que se establecen os principios relativos ás condicións zootécnicas e xenealóxicas aplicables á importación de animais, esperma, óvulos e embrións procedentes de países terceiros e pola que se modifica a Directiva 77/504/CEE referente a animais da especie bovina de raza selecta para reprodución. Así mesmo, resulta de aplicación a normativa comunitaria.

2. Sen prexuízo do establecido no punto anterior, para a importación e inscrición de équidos no libro xenealóxico de que se trate deberanse cumprir os seguintes requisitos:

a) Comunicación da importación á asociación recoñecida oficialmente para o mantemento do libro xenealóxico onde se vaian inscribir.

b) Achega do documento de acompañamento previsto na normativa aplicable da Unión Europea ou, se é o caso, o certificado de exportación emitido pola asociación recoñecida oficialmente para o mantemento de libros xenealóxicos que xestione o libro xenealóxico de orixe ou, se é o caso, o servizo oficial correspondente.

c) Verificación da identidade do équido importado pola asociación recoñecida oficialmente para o mantemento de libros xenealóxicos que xestione o libro xenealóxico de orixe.

d) Cumprimento das condicións para a inscrición no libro xenealóxico desa raza.

3. Os órganos competentes en materia de control exterior dos produtos de orixe animal efectuarán un control aleatorio das doses seminais procedentes de países terceiros, e remitirano ao Centro Nacional de Referencia para Reprodución Animal e Banco de Xermoplasma Animal ou a outros centros autorizados.

CAPÍTULO IV

Información e rexistros

Artigo 39. *Información interadministrativa.*

As comunidades autónomas remitirán ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño a seguinte información, para a súa incorporación ao Sistema Nacional de Información e para que, se é o caso, se lle comunique á Comisión Europea:

a) A listaxe das asociacións de criadores de animais de razas gandeiras que recoñecesen oficialmente para a mantemento do libro xenealóxico e, se é o caso, as resolucións de desestimación ou de extinción do dito recoñecemento, de acordo co regulado neste real decreto, así como os nomeamentos de inspectores de raza ou outros medios que determinasen para o control técnico das razas.

b) As regulamentacións específicas de libros xenealóxicos e os programas de mellora aprobados.

c) A listaxe de centros de reprodución, centros de almacenamento, bancos de xermoplasma, equipos de recolla e/ou produción de embrións e os centros autorizados ou as súas modificacións.

Artigo 40. *Publicidade.*

Mediante resolución do director xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros, que se publicará no «Boletín Oficial del Estado», daráselles publicidade ao recoñecemento oficial das asociacións para a xestión ou mantemento dos libros xenealóxicos de ámbito estatal, así como á aprobación da regulamentación específica do libro xenealóxico, e do programa de mellora correspondente a cada recoñecemento oficial dentro do seu ámbito e, se for o caso, ás súas modificacións e adaptacións, aplicables para a respectiva raza e entidade, para o seu debido coñecemento polos criadores, propietarios e demais interesados.

Artigo 41. *Rexistro de entidades.*

1. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño disporá dun rexistro xeral, público e informativo, das asociacións de criadores, e, se é o caso, servizos oficiais, onde se incluírán todas aquelas que obtivesen o recoñecemento oficial de acordo co regulado neste real decreto, ou con anterioridade a el, tanto polo propio ministerio, como polas comunidades autónomas.

2. A súa constitución e funcionamento será atendido cos medios persoais e materiais do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

Disposición adicional primeira. Aplicación da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior.

As autoridades competentes deberán adoptar as medidas necesarias para garantir a aplicación da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, no ámbito deste real decreto.

Disposición transitoria primeira. *Adaptación a esta normativa.*

1. As asociacións oficialmente recoñecidas ao abeiro da normativa vixente antes da entrada en vigor deste real decreto, que non reúnan a totalidade de requisitos previstos nel, coa excepción dos establecidos no artigo 10, para o caso de concorrencia de asociacións, disporán dun prazo máximo de tres anos para acreditaren o seu cumprimento. En caso de non se producir esa acreditación, o recoñecemento oficial quedará extinguido, logo de expediente tramitado pola autoridade competente que lle outorgou o recoñecemento, con audiencia da asociación interesada.

2. Non obstante o disposto na disposición derogatoria única, as regulamentacións específicas do libro xenealóxico de cada raza, recollidas nesta disposición, e os programas de mellora, seguirán en vigor ata que a autoridade competente aprobe as correspondentes regulamentacións específicas e programas, en aplicación deste real decreto.

Disposición transitoria segunda. *Laboratorios e centros de xenética.*

Os centros de xenética animal disporán dun prazo de dous anos, contados desde a súa entrada en vigor, para a súa adecuación aos requisitos deste real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Sen prexuízo do previsto na disposición transitoria primeira, quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao previsto neste real decreto, e especificamente as seguintes:

1. Decreto 733/1973, do 29 de marzo (Agricultura), polo que se aproban as normas reguladoras dos libros xenealóxicos e a comprobación de rendementos do gando.

2. Real decreto 420/1987, do 20 de febreiro, sobre selección e reprodución de gando bovino de razas puras.

3. Real decreto 723/1990, do 8 de xuño, sobre selección e reprodución de gando porcino de razas puras.

4. Real decreto 286/1991, do 8 de marzo, sobre selección e reprodución de gando ovino e caprino de razas puras.
5. Real decreto 1682/1997, do 7 de novembro, polo que se actualiza o Catálogo oficial de razas de gando de España.
6. Real decreto 1866/1998, do 28 de agosto, polo que se recoñece o Centro de Selección e Reprodución Animal de Colmenar Viejo, da Comunidade Autónoma de Madrid, como centro de referencia para reprodución e banco de xermoplasma animal.
7. Real decreto 662/2007, do 25 de maio, sobre selección e reprodución de gando equino de razas puras.
8. Orde do 30 de maio de 1981 pola que se establecen as condicións técnicas para a importación de material xenético animal.
9. Orde do 30 de setembro de 1982 pola que se actualiza a aplicación de subvencións ás entidades colaboradoras dos libros xenealóxicos.
10. Orde do 25 de abril de 1985 pola que se aproban as normas reguladoras do libro xenealóxico e comprobación de rendementos de gando vacún da raza asturiana de los valles.
11. Orde do 25 de abril de 1985 pola que se aproban as normas reguladoras do libro xenealóxico e comprobación de rendementos de gando vacún de raza tudanca.
12. Orde do 25 de abril de 1985 pola que se aproban as normas reguladoras do libro xenealóxico e de comprobación de rendimento para a agrupación caprina canaria.
13. Orde do 12 de setembro de 1985 pola que se aproba a regulamentación específica do libro xenealóxico da raza ovina segureña.
14. Orde do 13 de marzo de 1986 pola que se aproba o esquema nacional de valoración xenético-funcional de sementais bovinos de razas leiteiras.
15. Orde do 13 de marzo de 1986 pola que se aproba o esquema de valoración das razas ovinas españolas de aptitude leiteira.
16. Orde do 14 de novembro de 1986 pola que se implanta a regulamentación específica do libro xenealóxico da raza bovina asturiana da montaña.
17. Orde do 19 de decembro de 1986 pola que se implanta a regulamentación específica do libro xenealóxico da raza caprina verata.
18. Orde do 19 de decembro de 1986 pola que se implanta a regulamentación específica do libro xenealóxico da raza bovina limusina.
19. Orde do 15 de setembro de 1987 pola que se implanta a regulamentación específica do libro xenealóxico da raza bovina fleckviech.
20. Orde do 15 de setembro de 1987 pola que se desenvolve o Real decreto 420/1987, do 20 de febreiro, sobre selección e reprodución de gando bovino de razas puras.
21. Orde do 27 de outubro de 1987 pola que se actualizan os criterios para a regulamentación específica do libro xenealóxico da raza bovina retinta e de control de rendimento e valoración de reprodutores inscritos no dito libro.
22. Orde do 30 de xaneiro de 1988 pola que se aproba a regulamentación específica do libro xenealóxico das razas porcinas landrace belga, pietrain, duroc e hampshire.
23. Orde do 6 de febreiro de 1988 pola que se aproban o modelo oficial de certificado xenealóxico dos reprodutores bovinos de raza pura e os datos que se deben incluír nel.
24. Orde do 26 de febreiro de 1988 pola que se aproba a regulamentación específica do libro xenealóxico da raza bovina pirenaica.
25. Orde do 14 de marzo de 1988 pola que se aproban os métodos de avaliación do valor xenético de sementais bovinos de raza pura, aptitude cárnica.
26. Orde do 17 de marzo de 1988 pola que se actualizan e regulan os certames de gando de raza pura, de carácter nacional e internacional, e se fixan os estímulos á participación neles.
27. Orde do 10 de xuño de 1988 pola que se aproba a regulamentación específica do libro xenealóxico da raza ovina castelá.
28. Orde do 25 de febreiro de 1989 pola que se actualiza a regulamentación específica do libro xenealóxico, comprobación de rendementos e valoración de reprodutores da raza bovina parda.

29. Orde do 12 de marzo de 1990 pola que se aproba a regulamentación específica do libro xenealóxico da raza bovina de lida.
30. Orde do 6 de xuño de 1990 pola que se aproba a regulamentación específica do libro xenealóxico das razas ovinas «lacha» e «carranzana».
31. Orde do 30 de xullo de 1990 pola que se aproba o esquema de valoración de sementais ovinos de raza rasa aragonesa.
32. Orde do 30 de novembro de 1990 sobre comprobación oficial do rendemento cárnico en España.
33. Orde do 22 de xullo de 1991 sobre selección e reprodución de gando porcino de razas puras.
Orde do 6 de setembro de 1994 pola que se cerra o rexistro fundacional do libro xenealóxico das razas ovinas lacha e carranzana.
34. Orde do 12 de xaneiro de 1998 pola que se constitúe o Comité de Razas de Gando de España.
35. Orde do 11 de decembro de 1998 pola que se constitúe o Comité de Reprodución e Banco de Xermoplasma Animal de España.
36. Orde APA/3277/2002, do 13 de decembro, pola que se establecen as normas zootécnicas da raza equina hispanoárabe.
37. Orde APA/3318/2002, do 23 de decembro, pola que se establecen as normas zootécnicas do cabalo de deporte español.
38. Orde APA/3319/2002, do 23 de decembro, pola que se establecen as normas zootécnicas do cabalo de pura raza española.
39. Orde APA/86/2003, do 17 de xaneiro, pola que se aproba a regulamentación específica do libro xenealóxico da raza caprina florida.
40. Orde APA/87/2003, do 17 de xaneiro, pola que se aproba a regulamentación específica do libro xenealóxico da raza ovina ojinegra de Teruel.
41. Orde APA/17/2004, do 7 de xaneiro, pola que se aproba a regulamentación específica do libro xenealóxico da raza bovina parda de montaña.
42. Orde APA/201/2004, do 5 de febreiro, pola que se aproba o Regulamento básico das probas de selección de cabalos novos para os plans de mellora das razas equinas.
43. Orde APA/3234/2004, do 30 de setembro, pola que se aproba a regulamentación específica do libro xenealóxico da raza ovina manchega.
44. Orde APA/961/2005, do 7 de abril, pola que se aproba o regulamento do libro xenealóxico da raza bovina frisoa española.
45. Orde APA/1350/2005, do 28 de abril, pola que se aproban as regulamentacións específicas dos libros xenealóxicos das razas bovinas berrenda en colorado e berrenda en negro.
46. Orde APA/2104/2005, do 23 de xuño, pola que se establecen normas zootécnicas da raza equina angloárabe.
47. Orde APA/3656/2005, do 17 de novembro, pola que se modifica a Orde do 25 de marzo de 1992 pola que se actualizan as condicións zootécnicas para o comercio intracomunitario dos bovinos de raza pura con destino á reprodución.
48. Orde APA/3376/2007, do 12 de novembro, pola que se aproba o Regulamento do libro xenealóxico da raza porcina ibérica.

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito comunitario.*

Mediante este real decreto substitúense as normas polas que se incorporaron ao ordenamento xurídico interno a Directiva 77/504/CEE do Consello, do 25 de xullo de 1977, referente a animais da especie bovina selecta para reprodución; a Directiva 88/661/CEE do Consello, do 19 de decembro de 1988, relativa ás normas zootécnicas aplicables aos animais reprodutores da especie porcina; a Directiva 89/361/CEE do Consello, do 30 de maio de 1989, sobre os animais reprodutores de raza pura das especies ovina e caprina, a Directiva 87/328/CEE do Consello, do 18 de xuño de 1987, relativa á admisión para a reprodución de bovinos reprodutores de raza selecta; a Directiva 90/118/CEE do Consello, do 5 de marzo de 1990, relativa á admisión de reprodutores porcinos de raza pura para a

reprodución e a Directiva 90/427/CEE do Consello, do 26 de xuño de 1990, relativa ás condicións zootécnicas e xenealóxicas que regulan os intercambios intracomunitarios de équidos.

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 391/1992, do 21 de abril, polo que se regula o recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións de criadores de animais de raza que leven ou creen libros xenealóxicos.*

O artigo 1 do Real decreto 391/1992, do 21 de abril, polo que se regula o recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións de criadores de animais de raza que leven ou creen libros xenealóxicos, queda redactado como segue:

«Entenderase por animal de raza, para efectos deste real decreto, todo animal de cría recollido no anexo II do Tratado constitutivo da Comunidade Económica Europea cuxos intercambios aínda non fosen obxecto dunha normativa comunitaria zootécnica máis específica e non pertenza a ningunha raza establecida no Catálogo oficial de razas de gando de España, nin sexa équido rexistrado, e que estea inscrito ou rexistrado nun libro ou rexistro xenealóxico levado por unha organización ou asociación de criadores recoñecida oficialmente.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto 558/2001, do 25 de maio, polo que se regula o recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións de criadores de cans de raza pura.*

A referencia feita na disposición derradeira primeira (Facultade de desenvolvemento) do Real decreto 558/2001, do 25 de maio, polo que se regula o recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións de criadores de cans de raza pura, ao Comité de Razas de Gando de España, establecido polo Real decreto 1682/1997, polo que se actualiza o Catálogo oficial de razas de gando de España, entenderase feita á Comisión Nacional de Coordinación, regulada no artigo 34 deste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Título competencial.*

Este real decreto constitúe normativa básica, salvo os artigos 26, 40 e 41, e dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Así mesmo, exceptúase deste carácter de normativa básica o artigo 38, que se dita ao abeiro dos artigos 149.1.10.^a e 16.^a da Constitución, que lle atribúen ao Estado a competencia exclusiva en materia de comercio exterior e sanidade exterior, respectivamente.

Disposición derradeira quinta. *Facultade de desenvolvemento e aplicación.*

Facúltase o ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para modificar o contido dos anexos deste real decreto, para a súa adaptación á normativa comunitaria ou internacional, así como para modificar, logo de informe da Comisión Nacional de Coordinación, o Catálogo oficial de razas de gando previsto no anexo I.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de decembro de 2008.

JUAN CARLOS R.

ANEXO I

Catálogo oficial de razas de gando de España

1. Razas autóctonas:
 - a) De fomento:
 - 1.º Especie bovina: Asturiana de los Valles, Avileña Negra Ibérica, Lidia, Morucha, Pirenaica, Retinta e Rubia Galega.
 - 2.º Especie ovina: Carranzana, Castellana, Churra, Latxa, Manchega, Merina, Navarra, Ojinegra de Teruel, Rasa Aragonesa e Segureña.
 - 3.º Especie caprina: Majorera, Malagueña, Murciana-Granadina, Palmera e Tinerfeña.
 - 4.º Especie porcina: Ibérico, Ibérico (variedade Retinto) e Ibérico (variedade Entrepelado).
 - 5.º Especie equina cabalar: Española.
 - 6.º Especie aviaria: Combatiente español.
 - b) En perigo de extinción:
 - 1.º Especie bovina: Albera, Alistana-Sanabresa, Asturiana de la Montaña, Avileña-Negra Ibérica (variedade Bociblanca), Berrenda en Colorado, Berrenda en Negro, Betizu, Blanca Cacereña, Bruna de los Pirineos, Cachena, Caldelá, Canaria, Cárdena Andaluza, Frieiresa, Limiá, Mallorquina, Marismeña, Menorquina, Monchina, Morucha (variedade Negra) Murciana-Levantina, Negra Andaluza, Pajuna, Palmera, Pasiega, Sayaguesa, Serrana Negra, Serrana de Teruel, Terreña, Tudanca e Vianesa.
 - 2.º Especie ovina: Alcarreña, Ansoтана, Aranesa, Canaria, Canaria de Pelo, Carranzana (variedade Negra), Cartera, Castellana (variedade Negra), Chamarita, Churra Lebrijana, Churra Tensina, Colmenareña, Galega, Guirra, Ibicenca, Lojeña, Maellana, Mallorquina, Manchega (variedade Negra), Menorquina, Merina (variedade Negra), Merina de Grazalema, Montesina, Ojalada, Palmera, Ripollesa, Roja Mallorquina, Roya Bilbilitana, Rubia del Molar, Sasi Ardi, Talaverana, Xalda e Xisqueta.
 - 3.º Especie caprina: Agrupación de las Mesetas, Azpi Gorri, Blanca Andaluza ou Serrana, Blanca Celtibérica, Bermeya, del Guadarrama, Florida, Galega, Ibicenca, Jurdana, Mallorquina, Moncayo, Negra Serrana, Payoya, Pirenaica, Retinta e Verata.
 - 4.º Especie porcina: Celta, Chato Murciano, EuskalTxerria, Gochu Asturcelta, Ibérico (variedades Torbiscal, Lampiño e Manchado de Jabugo), Negra Canaria e Negra Mallorquina.
 - 5.º Especie equina cabalar: Asturcón, Burguete, Caballo de Monte de País Vasco, Cabalo de Pura Raza Galega, Hispano-Árabe, Hispano-Bretón, Jaca Navarra, Losina, Mallorquina, Marismeña, Menorquina, Monchina e Pottoka.
 - 6.º Especie equina asnal: Andaluza, Asno de las Encartaciones, Balear, Catalana, Majorera e Zamorano-Leonés.
 - 7.º Especies aviares: Andaluza Azul, Valenciana de Chulilla, Euskal Oiloa, Gallina Empordanesa, Galiña de Mos, Gallina del Prat, Mallorquina, Menorquina, Murciana, Pita Pinta, Penedesenca, Utrerana, Oca Empurdanesa e Euskal Antzara.
2. Razas integradas en España:
 - a) Especie bovina: Blonda de Aquitania, Charolesa, Fleckvieh, Frisoa, Limusina, Parda e Parda de Montaña.
 - b) Especie ovina: Berrichon du Cher, Charmoise, Fleischschaf, Ile de France, Landschaff e Merino Precoz.
 - c) Especie porcina: Branco Belga, Duroc, Hampshire, Landrace, Large White e Pietrain.
 - d) Especie equina cabalar: Árabe, Angloárabe, Puro Sangue Inglés, Trotador Español.

3. Razas da Unión Europea.
 - a) Especie ovina: Lacaune.
 - b) Especie caprina: Alpina.
4. Razas de países terceiros:
 - a) Especie ovina: Assaf.
5. Razas sintéticas españolas.
 - a) Especie ovina: Salz.
6. Outros équidos rexistrados.
 - a) Caballo de Deporte Español (CDE).

ANEXO II

Contidos específicos dos programas de mellora

1. Programa de selección.
 - a) Definición dos obxectivos de selección e dos criterios específicos de selección que se deberán ter en conta, con descrición dos caracteres desexables en canto a:
 - 1.º Herdabilidade e fiabilidade.
 - 2.º Valor económico asociado.
 - 3.º Posibilidade de control eficiente.
 - 4.º Non incompatibilidade con outros caracteres igualmente importantes.
 - b) Descrición detallada de cada etapa do programa.
 - c) As obrigas e, se é o caso, os dereitos dos gandeiros das explotacións colaboradoras para participar no programa de selección, especialmente no que se refire á utilización dos animais reprodutores de acordo co que recomende o propio programa, co fin de facilitar as conexións entre diferentes gandarías para realizar a avaliación xenética e a difusión da mellora.
 - d) As condicións de participación dos animais nas probas de valoración e centros de valoración.
 - e) As pautas e métodos empregados para o control de rendementos e os métodos de valoración empregados (ascendentes, individuais, descendentes e colaterais) para a avaliación xenética dos reprodutores, incluíndo o método estatístico de análise e os parámetros utilizados polo centro cualificado de xenética que avale o programa.
 - f) As actuacións que se realizarán e os cronogramas para alcanzar os obxectivos previstos, tanto nas explotacións colaboradoras como nos centros de reprodución, centros de almacenamento, centros de testaxe e bancos de xermoplasma, incluíndo os apareamentos dirixidos, o uso da inseminación artificial ou outras técnicas de reprodución asistida e o tipo de material xenético que se prevé utilizar.
 - g) En ausencia de lexislación específica, os programas de selección poderán incluír:
 - 1.º Incorporación aos obxectivos de selección de criterios como:
 - I. Calidade do produto.
 - II. Eficiencia de produción.
 - III. Marcadores asociados a caracteres de interese produtivo.
 - IV. Incremento de xenotipos resistentes a determinadas enfermidades.
 - V. Detección de alteracións xenéticas ou cromosómicas e estratexias para previr, controlar ou erradicar a súa incidencia.
 - 2.º A realización de estudos técnicos co fin de incluír nas avaliacións xenéticas, se for o caso, o valor económico dos distintos parámetros produtivos obxecto de control de rendimento.

2. Programa de conservación.
 - a) Documentación que demostre a presenza no programa das implicacións sociais, económicas e ambientais da raza en cuestión, en consonancia cos principios que exige o desenvolvemento sustentable.
 - b) Definición dos obxectivos e criterios de conservación.
 - c) As obrigas e, se é o caso, os dereitos dos gandeiros das explotacións colaboradoras para participar no programa de conservación.
 - d) Descrición do método de conservación, por medio dalgún ou varios dos seguintes mecanismos:
 - 1.º Conservación nas explotacións e no contorno natural dos animais (conservación *in situ*).
 - 2.º Conservación do material xenético por criopreservación (seme, óvulos, embrións, células somáticas, ADN) en centros de reprodución ou de almacenamento e bancos de xermoplasma (conservación *ex situ*), previndo unha copia de seguridade, que se enviaría ao Centro Nacional de Referencia para Reprodución Animal e Banco de Xermoplasma Animal.
 - 3.º Conservación *ex situ in vivo*: mantemento de animais vivos fóra do seu hábitat.
 - 4.º En función da situación da raza será necesaria unha fase de caracterización dela nos seus aspectos xenéticos, morfolóxicos, produtivos e/ou funcionais.
 - e) Previsións respecto do material xenético que vaia utilizar.

ANEXO III

Control de rendemento cárnico

1. Control de rendemento cárnico nas explotacións.— Pode ter distintos obxectivos segundo a fase do programa de mellora en que se leve a cabo, aínda que dous fundamentais, que levan aparellados uns parámetros de control:
 - a) Comprobación dos rendementos de todos os animais co fin de valorar xeneticamente os reprodutores pola súa descendencia e colaterais.
 - 1.º Produtividade numérica baseada no control da prolificidade.
 - 2.º Produtividade individual baseada no control de pesos e crecementos de cada individuo.
 - b) Comprobación do rendemento individual dos animais candidatos a futuros sementais que son resultantes dos apareamentos dirixidos. Controlaranse os parámetros obrigatorios segundo a normativa específica e os que recollan o correspondente programa de mellora.
2. Control de rendemento cárnico nos centros de valoración ou de testaxe.—Deberase presentar para a súa aprobación, como parte do programa de mellora, un protocolo que conteña, polo menos:
 - a) Condicións de admisión no centro.
 - b) Requisitos zootécnicos, sanitarios e de idade para a admisión dos animais.
 - c) Se for o caso, rendemento na explotación dos animais analizados antes da súa entrada ao centro.
 - d) Identidade do propietario de cada un dos animais analizados.
 - e) Idade máxima dos animais analizados que entren no centro e gama de idades dos animais que xa se encontren no centro.
 - f) Características das probas, cronograma e parámetros controlados.
 - g) Duración do período de adaptación e, especificamente, da proba.
 - h) Sistema de manexo e alimentación.
3. Control en centros de transformación, matadoiros ou salas de despezamento para considerar as características cárnicas que se deben ter en conta.

ANEXO IV

Centro Nacional de Referencia para Reprodución Animal e Banco de Xermoplasma Animal

1. O Centro contará, polo menos, coas seguintes instalacións:
 - a) Laboratorio adecuadamente dotado para levar a cabo a análise e contraste do material xenético, así como para o estudo da súa viabilidade.
 - b) Instalacións para o almacenamento de material xenético (seme, óvulos, embrións, células somáticas ou ADN, se é o caso), con dispoñibilidade de tanques suficientes para as diferentes razas, especies e condicións sanitarias.
 - c) Equipamento informático para o tratamento da información.
 - d) Infraestrutura necesaria para a obtención de material xenético fóra das instalacións do Centro.
2. As funcións encomendadas ao Centro Nacional de Referencia para Reprodución Animal e Banco de Xermoplasma Animal son:
 - a) Custodia do material xenético propiedade do Banco de Xermoplasma Animal, remitido polos distintos organismos implicados.
 - b) Obtención, transporte, almacenamento e utilización do material xenético obtido fóra das instalacións do Centro, coordinándose para iso coas autoridades competentes.
 - c) Apoio e colaboración nos programas de mellora.
 - d) Xestión da información sobre a comercialización de material xenético, vinculado aos resultados analíticos realizados sobre el.
 - e) Análise das mostras de material xenético que lle sexan remitidas.
 - f) Realización de probas comparativas con outros laboratorios autorizados e proposta de pautas de homologación das técnicas a nivel nacional.
 - g) Organización de reunións con outros laboratorios autorizados para homoxeneizar métodos analíticos.
 - h) Coordinación das técnicas de conxelación do material xenético e a utilización de dilúo-conservadores e medios de cultivo.
 - i) Proposta de requisitos técnicos para a constitución e coordinación dos bancos de xermoplasma.
 - j) Información ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño e ás comunidades autónomas sobre os resultados das análises realizadas.
 - k) Contraste das mostras das doses seminais procedentes de países terceiros. En particular deberase comprobar a viabilidade do esperma.

ANEXO V

Centro Nacional de Referencia de xenética animal

- As funcións do Centro Nacional de Referencia son as seguintes:
1. Coordinar as actuacións necesarias cos laboratorios de todas as administracións públicas, ou privados autorizados, co fin de que as técnicas de laboratorio sexan homoxéneas en todos eles e de homologar os métodos que se utilizarán.
 2. Establecer a necesaria colaboración cos centros de investigación, tanto públicos como privados, sexan autonómicos, nacionais, comunitarios, de países terceiros ou de organismos internacionais, cando estes centros traballen en temas relacionados coas funcións do Centro Nacional de Referencia.
 3. Transferir aos centros oficiais das comunidades autónomas e da Administración xeral do Estado a información e as novas técnicas que desenvolvan os centros de referencia da Unión Europea.
 4. Efectuar as análises ou os ensaios que, para efectos periciais ou con outros fins, lle sexan solicitados.

5. Confirmar o resultado obtido polos centros oficiais ou privados homologados das comunidades autónomas, cando este non sexa definitivo.
6. Organizar probas comparativas e ensaios colaborativos cos centros oficiais ou privados homologados das comunidades autónomas.
7. Intervenir nas probas que se realizan a nivel internacional co obxecto de homologar internacionalmente os métodos que se van utilizar.
8. Enviar ao Centro Nacional de Referencia para Reprodución Animal e Banco de Xermoplasma Animal as mostras de material xenético que polo seu especial interese sexan susceptibles de conservación.